



PLAN DE CONVIVENCIA

CEIP JUAN FERNÁNDEZ LATORRE
A CORUÑA

1.Sensibilización.

1.2 Marco legal

2. Análise ou diagnóstico da situación do contexto

2.1 Análise do contexto: características do centro e do seu contorno

2.2 Resultados das enquisas sobre convivencia

3. Concreción do plan

3.1 Obxecto, fins e principios do plan

3.2 Obxectivos específicos

3.3 Actuacións, medidas ou programas

4. Organización xeral da convivencia do centro

4.1 Normas de convivencia

4.2 Condutas contrarias á convivencia e a súa corrección

4.3 Aula de convivencia

4.3.1 Finalidade:

4.3.2 Obxectivos específicos da Aula de Convivencia

4.3.3 Condicións de atención ó alumnado na Aula de Convivencia

4.3.4 Profesorado responsable da Aula de Convivencia

4.3.5 Ubicación da Aula de Convivencia

4.4 Protocolos e programas específicos

4.5 Actuacións anuais do plan de convivencia

4.6 Mecanismos de coordinación e colaboración no desenvolvemento do plan

5. Seguimento, avaliación e propostas de mellora do plan

6. Difusión do plan

ANEXO I: NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

ANEXO II: PROTOCOLO CONTRA A PREVENCIÓN E O ACOSO ESCOLAR

1. Sensibilización

Partindo do interese por formar aos alumnos e alumnas para que poidan convivir pacífica e activamente na sociedade, debe levarnos a considerar que os modos de relación e o clima de convivencia no centro teñen que propiciar o desenvolvemento dos valores de liberdade persoal, responsabilidade, cidadanía democrática, solidariedade, tolerancia, igualdade, respecto e xustiza, por seren éstos a base da vida en común.

Nesta liña, entendemos a elaboración do Plan de Convivencia do Centro como unha oportunidade para que de maneira colectiva os mestres e mestras, coa participación da comunidade educativa, revisemos os aspectos da institución educativa, busquemos explicacións aos problemas e adoptemos propostas e medidas para o fomento da cultura de paz e a mellora do clima de convivencia escolar.

1.2 Marco legal

O marco legal que xustifica e desenvolve actuacións respecto a convivencia nos centros educativos, así coma a redacción personalizada dun Plan que regule e personalice os procesos e medidas que se dan en determinado centro educativo, serían:

- Lei 27/2005, de 30 de novembro (BOE 01-12-05), de fomento da educación e a cultura da paz.
- LOE 2/2006, de 3 de maio (BOE 04-05-06).
- Lei 4/2011, de 30 de xuno, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro (DOG 27-03-15), polo que se desenrola a lei 4/2011, de 30 de xuno, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- LOMCE 8/2013, de 9 de decembro (BOE 10-12-13).

2. Análise ou diagnóstico da situación do contexto

2.1 Análise do contexto: características do centro e do seu contorno

- **Entorno Físico.-** O **CEIP. Juan Fernández Latorre** atópase situado no barrio coruñés do Castrillón, ao lado do cemiterio de Santa María de Oza e do Centro Cívico Biblioteca do Castrillón e a Praza de Pablo Iglesias. O recinto sitúase no corazón do barrio, nunha zona chea de dotacións e servizos.

• **Nivel Económico.**- A poboación da barriada na que se atopa o Colexio corresponde, en liñas xerais, a un estrato socioeconómico de perfil entre medio baixo e medio alto. A zona está en expansión e crecemento, as vivendas teñen un prezo non excesivamente alto, o que fai que sexan habitadas por parellas mozas, en idade de ter fillos para escolarizar, razón pola que a demanda de prazas roza anualmente o 100 %, e mantendo unha previsión de aumento a medio prazo, dado as crecentes e inmediatas reformas estruturais que están acontecer nesta zona da cidade, coa urbanización das rúas do entorno, de Eirís e o Parque de Oza. De todos os xeitos trátase dun aumento estable e sostido no tempo. A presenza de familias inmigrantes continúa sendo menor que noutros barrios da cidade e non presentan dificultades significativas de integración na vida escolar, nin no barrio.

• **Nivel Sociocultural.**- O nivel sociocultural correspóndese co nivel económico. Abunda a clase obreira, empregados e funcionarios. En canto ao movemento social e cultural do barrio cabe significar que é unha zona con moita actividade impulsada principalmente pola asociación de veciños IAR, pola asociación folclórica Donaire, polo ANPA do Colexio, así como polo gran número de actividades que organiza e desenvolve o Centro Cívico do Castrillón e a súa magnífica Biblioteca Municipal coa que mantemos unha estreita colaboración.

Toda esta actividade socio cultural tradúcese na sensación de estar nun barrio dinámico no cultural e no social, onde o traballo conxunto de todas as institucións antes nomeadas e as súas xentes fai que o Castrillón adquira e teña entidade propia nos ámbitos sociais, educativos e culturais da cidade de A Coruña.

No centro están escolarizados catrocentros oitenta alumnos e alumnas e aínda que en termos xerais existe un bo clima de relacións entre eles e os seus mestres ou mestras, certas condicións persoais e/ou sociofamiliares repercuten no eido da convivencia:

- Un determinado número de alumnado con problemas sociofamiliares, que están a incidir non só no seu rendemento escolar senon tamén nas relacións sociais no centro (aceptación e respecto das normas, integración no grupo de iguais, conflictividade...)

- Un reducido número de alumnado que presentan trastornos de conduta con comportamentos que afectan negativamente a sí mesmos e ao entorno por romper as normas de convivencia e deteriorar o desenvolvemento persoal e social. Trátase de trastornos máis estables que requiren dunha actuación interdisciplinar por parte dos servizos internos e externos ao centro.

- Alumnado con necesidades específicas asociadas á discapacidade motórica por seren o noso colexio un centro de matriculación preferente deste alumnado. Neste senso, ademáis de dispor de recursos materiais e persoais para a súa atención educativa (transporte adaptado,

coidadoras, profesorado de apoio...), debemos salientar a actitude positiva por parte de toda a comunidade educativa cara a súa inclusión.

A convivencia ten que fundamentarse na aceptación e respecto desta diversidade, xa que logo, esta diversidade é a que fai que a convivencia sexa posible, rica, interesante e proveitosa para todos e todas. O presente Plan de Convivencia supón un compromiso e un instrumento da comunidade educativa para que os nosos alumnos e alumnas, adultos do futuro, aproveiten as posibilidades da diversidade humana, evitando que as diferenzas convértanse en desigualdades.

Outro elemento definitivo do noso centro é, sen dúbida, o capital humano que está a desenvolver a súa labor profesional no mesmo. O claustro está formado por 32 membros na súa maioría mulleres. Entre o persoal non docente atópanse: unha conserxe, 2 coidadoras, unha auxiliar administrativa e persoal do servizo de limpeza. A isto hai que engadir, no horario non lectivo: un importante número de monitores das actividades extraescolares, unha mestra que exerce a docencia no programa PROA e o persoal do servizo de comedor escolar.

Tendo en conta que o centro escolariza alumnado con discapacidade motórica é importante que reúna as condicións de accesibilidade que garantan o seu acceso e mobilidade. Algunhas actuacións nesta dirección son: eliminación de tarimas nas aulas, ascensor, rampas, aseos adaptados, mobiliario escolar específico, etc.

A escaseza de espazos é un dos puntos febles do entorno físico do colexio: aulas pouco amplas tendo en conta uns grupos ao límite da ratio; cando chove o patio cuberto queda escaso para todo o alumnado de primaria; non existen aulas para especialidades (Inglés, Relixión, Psicomotricidade ou Música en Infantil, etc.) nin despachos de titorías.

2.2 Resultados das enquisas sobre convivencia

Os resultados da enquisa realizada aos distintos sectores da comunidade educativa mostran un bo clima de convivencia no centro.

Non existe conflitividade salientable na relacións que se dan no centro, algún incidente ocasional que é tratado rapidamente polos profesionais para a súa solución. Tampouco as familias presentan una problemática determinada que provoque tensións ou xere intervencións educativas especiais.

Haberá que continuar as actuacións de carácter preventivo para tratar así de manter e, na medida do posible, mellorar o clima de convivencia.

3. Concreción do plan

3.1 Obxecto, fins e principios do plan

As normas sobre convivencia nos centros docentes establecidas na lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, oriéntanse aos seguintes fins, que informarán a súa interpretación e aplicación:

a) A garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de forma óptima os recursos que a sociedade pon a disposición do alumnado no posto escolar.

b) A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.

c) A prevención e tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces.

d) O recoñecemento ao profesorado, en especial aos membros dos equipos directivos dos centros docentes, das facultades precisas para previr e corrixir as condutas contrarias á convivencia, así como da protección xurídica adecuada ás súas funcións.

e) A corresponsabilidade das nais e pais ou das titoras ou titores no mantemento da convivencia nos centros docentes, como un dos principais deberes que lle corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

f) Promover a resolución pacífica dos conflitos e fomentar valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas.

g) Avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar.

h) A promoción da sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.

3.2 Obxectivos específicos

- Garantir un ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de forma óptima os recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.

-Educar no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.

-Previr e tratar axeitadamente as situacións de acoso escolar.

-Recoñecer ao profesorado e aos membros do equipo directivo do centro as facultades precisas para previr e corrixir as condutas contrarias á convivencia.

-Corresponsabilizar ás nais e pais ou as titoras ou titores no mantemento da convivencia no centro, como un dos principais deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas, pupilos ou pupilas.

-Promover a resolución pacífica dos conflitos e o fomento de valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas.

-Avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar.

3.3 Actuacións, medidas ou programas

Entre as actuacións, medidas ou programas que hai que desenvolver para favorecer a convivencia destacamos as recollidas no artigo 15 do Decreto 8/2015.

a. Actuacións organizativas, curriculares e de coordinación.

A acción titorial constitúe o marco indispensable e necesario para establecer unhas boas bases para a convivencia no grupo e por extensión á vida do colectivo total do alumnado. A capacidade do titor/a para canalizar e resolver os problemas relacionais, así como para crear un clima afectivo e integrador na aula no que teñan cabida todos e cada un dos alumnos/as do grupo, representa o factor máis influente na configuración das relacións persoais.

A organización da aula, as estratexias de comunicación que se establecen con cada profesor/a, os vínculos relacionais, o axuste curricular e as adaptacións curriculares, as normas de aula e as rutinas que o titor/a utiliza no desempeño das súas tarefas son os elementos dun fenómeno interactivo que vai determinar substancialmente o proceso da convivencia no centro.

b. Actuacións dirixidas a garantir a participación da comunidade educativa.

O proceso formativo susténtase nunha estreita colaboración entre escola e familia sen a cal resulta difícil e en ocasións inútil o esforzo educativo. Consideramos que as seguintes son propostas necesarias de cooperación a ter en conta polas familias:

- Dar modelos positivos e intentar resolver os conflitos sen aceptar a violencia.
- Exercicio da autoridade que lles corresponde no proceso de educación e formación dos seus fillos/as.
- Cooperación co centro en casos de indisciplina, agresividade, etc.
- Colaboración co centro no proceso de ensino aprendizaxe e de integración escolar.
- Non desautorizar ao profesorado diante dos fillos/as.
- Fomentar nos seus fillos/as a construción de valores como o esforzo persoal, a constancia, a autonomía, o respecto e tolerancia cara aos demais.
- Coidar o crecemento emocional, ensinándolles a poñerse no lugar do outro e a controlarse emocionalmente.
- Impedir que os fillos/as accedan a contidos da TV, videoxogos ou Internet inadecuados á súa idade, ofrecéndolles alternativas.
- Evitar a sobreprotección dos seus fillos/as.
- Revalorizar o centro escolar como un espazo de ensino e de formación.

c. Actuacións dirixidas á prevención de condutas contrarias ás normas de convivencia.

-Circular informativa ao inicio de cada curso. A dirección do centro remitirá ás familias unha circular informativa lembrando as principais normas de organización e funcionamento do centro. Tamén incluírá un breve resumo na axenda escolar de primaria, Unha copia das normas estará dispoñible a través da web do centro.

-Reunións informativas titores-familias. Información ás familias ao principio de cada curso por parte dos titores-as, incluíndo información básica sobre o Plan de Convivencia e as Normas de Organización e Funcionamento do centro.

-Titorías. Debate e discusión ao principio de curso sobre o Plan de Convivencia e as Normas de Organización e Funcionamento cos alumnos.

4. Organización xeral da convivencia do centro

4.1 Normas de convivencia

As normas de convivencia axudan a regular comportamentos e describen con precisión as accións que deben poñerse en práctica así como as correccións polo seu incumprimento. Deben conducir sempre a unha mellora educativa, tendo presente que os dereitos dos membros da comunidade educativa deben estar salvagardados. Polo tanto, a súa redacción deberá realizarse con espírito positivo e favorecedor da convivencia, e sempre en coherencia e respectando as normas nas que se ampara.

A concreción dos dereitos e deberes dos diferentes membros da comunidade educativa recóllense nas Normas de Organización e Funcionamento (NOF). Son un documento que establece a forma democrática de organización que adopta o centro tomando como base os dereitos e obrigas que lle corresponden a cada integrante da comunidade educativa. Este documento das NOF, atópase incluído no anexo I deste plan.

4.2 Condutas contrarias á convivencia e a súa corrección

A determinación das condutas contrarias á convivencia escolar, tanto de carácter leve e grave, así coma as medidas correctoras, veñen determinadas no decreto 8/2015 de 8 de xaneiro que desenvolve a lei de convivencia educativa (aspectos do decreto anexado a este plan para poder consultar as faltas graves e leves), artigos 33, 38, 39, 42 e 43. Os dereitos e deberes da comunidade educativa (familias, mestras, alumnado e PAS) veñen determinadas na lei 4/2011 de 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa, que tamén se anexa a este plan para a súa consulta. Dentro destas condutas contrarias á convivencia escolar atopamos coma unha das que se tipifica como falta grave o acoso escolar (tal e coma se inclúe na Lei 4/2011 e no Decreto 8/2015). Para a aparición do acoso escolar, inclúese anexado a este plan o **Protocolo para a prevención, a detección e o tratamento das situacións de acoso escolar**, elaborado pola consellería de educación.

No caso de incumprimento, omisión de normas ou realización dunha falta leve por parte do alumno, o mestre que corresponda cubrirá un modelo de parte de amoestación que quedará rexistrado no expediente do alumno e se atopa anexado a este plan..

4.3 Aula de convivencia

4.3.1 Finalidade:

A finalidade principal da aula de convivencia é converterse nunha alternativa real á expulsión do aula e/ou o centro para aqueles alumnos/as cos cales se contemple esta medida. No contexto desta, pretendemos favorecer un proceso de reflexión en cada neno/a que se ubique na mesma, sobre as circunstancias nas que foi derivado a ela. Así pretendemos poñer en marcha o mecanismo de empatía dos nosos alumnos, tentando que comprendan o alcance das súas condutas para eles, e as demais persoas que os rodean, iniciando un proceso no cal se fagan cargo das súas propias accións, pensamentos, sentimentos e interaccións cos outros.

En definitiva, aumentar e perfeccionar as habilidades de pensamento reflexivo e autocontrol, á vez que proporciona un espazo para a análise das súas experiencias persoais e búsqueda de unha resolución efectiva dos conflitos interpersoais.

4.3.2 Obxectivos específicos da Aula de Convivencia:

- Habilitar un espazo que proporcione ao alumnado as condicións precisas de reflexión sobre a súa conduta e comportamento.
- Fomentar a responsabilidade do alumnado sobre os seus propios actos.
- Contribuír a fomentar valores coma a empatía, cooperativismo, solidariedade e respecto.
- Desenvolver as competencias emocionais.
- Resolución de conflitos dende o diálogo, a mediación e a reflexión.
- Mellora da traxectoria, académica, comportamental e de vida, en xeral.

4.3.3 Criterios e condicións de atención ó alumnado na Aula de Convivencia:

O criterio principal para derivar a un alumno á aula de convivencia será cando se lle prive de participar no normal desenvolvemento das súas actividades lectivas pola realización dunha falta grave contra a convivencia escolar, e coma medida alternativa á expulsión do centro.

Será unha medida disciplinaria última, anterior á expulsión, e determinada pola titora, director e comisión de convivencia da escola. A derivación á aula de convivencia ademais, terá en conta:

- Que o alumno sexa reincidente nas súas condutas.
- Subscribir compromiso de convivencia e comportamento.

- Que o alumno presente dificultades coa autoestima, autocontrol relacións persoais, xestión emocional....
- Que se coñeza claramente que a expulsión non favorecerá a corrección da conduta senón que empeorará a situación.

Tanto na aula de convivencia coma en casos de incumprimento grave de normas da escola seguirase un protocolo de traballo, en relación coas Habilidades Sociais, as Competencias Emocionais, así coma actividades que favorezan a reflexión e o pensamento, deseñadas polo Departamento de Orientación.

4.3.4 Profesorado responsable da Aula de Convivencia:

Debido á situación do centro e ó persoal existente, os mestres responsables da aula de convivencia serán aqueles que estean de garda, ademais do xefe de Departamento de Orientación, cando haxa que facer algunha actividade específica ou non haxa persoal de garda.

4.3.5 Ubicación da Aula de Convivencia:

A Aula de Convivencia ubicarase nas dependencias da biblioteca ou do Departamento de Orientación.

4.4 Protocolos e programas específicos

- Protocolo de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso

Considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.

As medidas que deben adoptarse en caso de detección dunha situación de acoso escolar así como as propostas de actuacións de sensibilización contra o acoso escolar, dirixidas a toda a comunidade educativa, que axuden a previlo e a preparar para detectalo e reaccionar e intervir fronte a este figuran no Protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso, que se atopa anexado ó Plan e na páxina web da Consellería de Educación.

- Mediación escolar

A mediación é unha estratexia de intervención imparcial para a resolución de conflitos en que unha terceira persoa axuda as partes implicadas a alcanzar un acordo satisfactorio para ambas as dúas.

Nos supostos menos graves de situación de acoso, favorecerase a mediación realizada por alumnado do centro educativo que obtivese formación e cualificación para a intervención nestas situacións. De implantarse no centro a mediación escolar requirirá un proxecto específico no que se deberán ter en conta as seguintes cuestións:

-Os equipos de mediación estarán formados por alumnos de 5º e 6º cursos de primaria de xeito que se facilite a formación e continuidade en cursos sucesivos.

-A participación nos equipos de mediación terá carácter voluntario e requirirá unha formación específica previa.

-Solo se derivará un conflito cara a mediación se as partes así o deciden.

-As actuacións e o seu seguimento realizarase a través do Departamento de Orientación.

- Programa de habilidades e competencias sociais

Programa deseñado polo Departamento de Orientación do centro, é un modelo de adestramento e instrución directa e sistemática das habilidades sociais baseado no “Programa de Enseñanza de habilidades de interacción Social” (M^a Inés Monjas Casares). Pretende, por unha parte, ensinar novas condutas como son iniciar conversacións, presentarse ante xente nova ou facer peticións aos adultos, e por outra parte, diminuír os aspectos que están inferindo a correcta conduta interpersonal; entre eles están: atribucións incorrectas, autoinstrucións negativas ou ansiedade.

É un programa que se centra tanto no ensino de comportamentos sociais específicos como na de comportamentos cognitivos e afectivos. Pretende ensinar tanto comportamentos motores (contacto visual, comunicación non-verbal, conduta verbal) como afectivos (expresión de emocións negativas) e cognitivos (autoinstrucións positivas).

4.5 Actuacións anuais do plan de convivencia

Para o conxunto do centro:

- Conmemoracións (Día da paz, da muller traballadora, dos dereitos humanos, dos dereitos da infancia, etc.)
- Actividades que traballen a convivencia entre persoas de diferentes culturas, talleres coeducativos (xoguetes e xogos non sexistas, elaboración ou selección de contos coeducativos...), traballos cooperativos, etc.

Propostas para os patios:

- Recursos materiais no patio de Primaria coa finalidade de diversificar os xogos.
- Creación de dous recunchos situados en cada unha das portas de saída ao patio de Primaria destinados a que os nenos e nenas resolvan os seus conflitos de xeito dialogado. Estes recunchos poderían quedar baixo a supervisión da persoa de garda de corredor. En Infantil podería habilitarse un recuncho deste tipo no propio patio.
- Colocación de carteis onde se lembren as normas e os modos máis axeitados de resolver os conflitos.

Propostas para o traballo coordinado nos niveis:

- Establecemento de normas ao principio de curso a partir de actuacións/actividades comúns deseñadas para cada ciclo.
- Utilización de instrumentos para coñecer o funcionamento dos grupos: sociogramas, cuestionarios sobre autoconcepto e autoestima, "buzón da convivencia" nas aulas...
- Reparto de responsabilidades ou elección de delegados seguindo criterios comúns por ciclos.
- Propostas de dinámicas de grupo para os primeiros días do curso naqueles grupos de nova formación.
- Acordos sobre a celebración de asembleas de aula e desenvolvemento de programas en prol da convivencia cos titores/as.
- Elaboración e secuenciación de programas de habilidades sociais e resolución de conflitos.
- Proposta de entrevista para a etapa de Primaria como renovación ou actualización dos datos recollidos en Infantil.
- Elaboración por parte do Departamento de Orientación de protocolos de detección de casos de acoso entre iguais.
- Establecemento dun tempo para reunións do equipo educativo que intervén co alumnado que presenta trastornos ou problemas graves de conduta coa finalidade de establecer pautas de actuación comúns.

Propostas para o traballo coas familias:

Elaboración dalgún tipo de material destinado ás familias para conciencialas da importancia que ten a educación en valores na prevención da violencia, informalas de cómo se están a traballar dende o centro e orientalas para facelo no eido da educación familiar.

4.6 Mecanismos de coordinación e colaboración no desenvolvemento do plan

As actuacións recollidas no presente Plan deberán levarse a cabo baixo os principios de colaboración e coordinación de todos os sectores da comunidade educativa implicados en cada unha delas.

Os órganos de coordinación docente, no seu ámbito competencial, serán responsables de incorporar nas súas actuacións as medidas e os acordos adoptados, de conformidade co establecido no presente Plan.

Os órganos de coordinación docente incluírán as medidas e os acordos relacionados coa convivencia nos documentos institucionais do centro, concretamente nas concrecións curriculares de etapa, para asegurar a coherencia destes co Proxecto Educativo do centro e a Programación Xeral Anual.

O centro establecerá a coordinación cos servizos sociais locais en todos aqueles casos nos que se require a intervención dos mesmos. A información que se intercambia e as intervencións máis comúns están relacionadas coa atención e o seguimento das minorías desfavorecidas, alumnado inmigrante, determinación de axudas de diversa índole, situacións de familias con dificultades, etc.

A través do departamento de Orientación coordinaranse as actuacións de acollida do alumnado que se vaia incorporar ao IES de adscrición do centro.

5. Seguimento, avaliación e propostas de mellora do plan

A comisión de convivencia terá a tarefa de facer un seguimento periódico e sistemático deste e, xa que na súa composición están representados todos os sectores da comunidade educativa, serán os seus membros os encargados de recoller a información de cada un dos seus estamentos para a súa análise, valoración e propostas de realizar os axustes necesarios de xeito inmediato.

Estes procesos levaranse a cabo por parte dos seguintes equipos:

- Comisión de Convivencia.

Esta comisión constituirase dentro do seno do Consello Escolar.

Funcions:

- Dinamización e avaliación deste plan de Convivencia.
- Elaboración dun informe anual sobre a convivencia na escola, cos ámbitos mais representativos.
- Coordinacións de accións conxuntas no ámbito da convivencia coa convivencia educativa.
- Seleccionar a adecuación no PAT das determinadas actividades que inflúen na convivencia.
- Colaborar xunto co departamento de orientación na realización de programas que preveñan e detecten os posibles e/ou existentes problemas de convivencia na escola.
- Realizar unha análise e avaliación trimestral da convivencia da escola.
- Valorar a colaboración de institucións e asociacións que colaboren neste ámbito e sexan mellorables para o centro.

- Consello escolar

Composto segundo establece a lexislación vixente e a constitución de cada consello a principios de curso.

Funcions:

- Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios e velar porque se atean á lexislación vixente.
- Propoñer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro, a igualdade entre homes e mulleres e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.

- Claustro de mestres e mestras

Composto por todas as mestras e mestres con destino no centro.

Funcions:

- Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios e a imposición de sancións e velar por que estas se atean á normativa vixente.
- Propoñer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro.

- Equipo directivo

Composto polos membros do equipo directivo.

Funcions:

- Favorecer a convivencia no centro, garantir a mediación na resolución de conflitos e imponer as medidas disciplinarias que correspondan aos alumnos, en cumprimento da normativa vixente.

6. Difusión do plan

Ademais das actuacións recollidas nos distintos apartados, o Plan de Convivencia estará disposición da Comunidade Educativa na páxina web do centro.

No momento da súa aprobación e ao inicio de cada curso a dirección do centro informará desta circunstancia, na circular de principios de curso.

31 de Maio de 2016

Dpto. de Orientación

A Dirección